

INFORMACIÓN Á FAMILIA

Bos días familias!

Chegou o momento de explicarvos un pouco a metodoloxía que vamos seguir nesta nova normalidade, de paso tamén vos explicarei un pouco a dinámica das clases.



AGRUPAMENTOS

GRUPOS

Os nenos/as estarán divididos en 5 grupos formados por 4-5 nenos/as. Estes grupos durarán todo o curso académico.

QUE COMPARTEN?

Cada grupo séntase na mesma mesa, xogan nos mesmos recunchos e traballan cos mesmos materiais-xoguetes.

SÍMBOLO

Cada grupo ten asignado unha forma xeométrica concreta cunha cor diferente.

CADRADO VERMELLO: Martín, Alexia, Jean Carlos, Aldara, Álex.
RECTÁNGULO VERDE: Daniel, Valeria, Gael, Xacia,
CÍRCULO AZUL: Mateo, Valentina, Oliver, Martina, Nail.
TRIÁNGULO AMARELO: Lía, Xavier, Victoria, Rodrigo, Carla.
CADRADO LARANXA: Yulia, Iker, Lola, Lucas, Laura.



MATERIAL

MATERIAL INDIVIDUAL

Cada neno/a terá unha caixa individual identificada co seu nome e foto onde atoparán as súas propias: pinturas, rotuladores, lapis, goma, tixola, punzón...

O mesmo ocorre coa plastilina, será individual e estará gardada nunha caixa personalizada.

MATERIAL DE RECUNCHOS

Cada grupo empregará un so recuncho durante toda a xornada.

O finalizar o día desinfectarase todo o material dese recuncho para que a seguinte xornada sexa utilizado por outro grupo.

MATERIAL DE APRENDIZAXE

No caso de puzzles, ensartables, contos, xogos de lectoescritura...cada grupo terá asignado nesa semana un conxunto destes materiais, o finalizar a semana desinfectaranse e rotarán a outro grupo.

NON TRAER MATERIAL DA CASA

MERENDA




DÓNDE: Levarase a cabo na propia aula, nas súas mesas, cadeiras e cos seus compañeiros/as de grupo. Recordade as instrucións de cada día.

CÁNDO: aproximadamente 11:00

TRANSPORTE: nunha bolsa ou taper dentro da mochila.

**- EVITAR BEBIBLES DE FÁCIL DERRAME.
- TRAER BOTELLAS CON BOQUILLA**

HIXIENE COVID



ASEO DE MANS

Como mínimo:

Xel: nas entradas e saídas (incluso ao recreo).

Xabón: antes e despois das comidas.

ALFOMBRA

Temos unha alfombra de desinfección na entrada da aula.

DESINFECCIÓN

Mestre/a: Desinfección diaria de: materiais, xogos, mesas, cadeiras, paneis de assemblea...

Servizo de limpeza: acudirán dúas veces durante a xornada a desinfectar aseos e corredores.

PERCHAS

Estarán fóra da aula coas súas pertenzas por seguridade.

MÁSCARA

Alumnos/as: Será obrigatoria nas entradas e saídas, espazos comúns, recreo e sempre que non sexa posible estar cos grupos de referencia.

Mestre/a: levará a máscara de forma continua.

VENTILACIÓN

Fiestra: abriremos as fiestras cada hora durante 5 minutos. Si o tempo o permite será ventilación continua.

Porta: a porta da aula permanecerá aberta continuamente.

NORABOA familias polo gran traballo que estades facendo cos vosos fillos/as, é de admirar o habitados, concienzados e a gran responsabilidade que teñen nesta situación.

Xuntos
Recordade:

consegurémolo.
"TODO VAI SAÍR BEN"

AUTONOMIA

Durante este curso escolar vamos necesitar a vosa axuda máis que nunca. Por iso pedimos que nos axudedes a traballar algúns aspectos na vosa casa. Recordade que son moitos e nunha situación excepcional



ROUPA

- Cómoda, que permita ao neno/a baixar e subir o pantalón por si mesmos.
- Zapatos sen cordón.

MÁSCARA

Deixar que o neno/a intente poñerse a máscara todos os días. Seguro que aprenderán a facelo solos!

RECOLLER

Habituar aos nenos/as a empregar o cubo do lixo e recoller todo no seu sitio.

BAÑO

Practicade esta secuencia:

- Baixar a roupa sen axuda.
- Sentarse correctamente.
- Subir a roupa soliños.
- Baixar a tapa e tirar da cisterna.
- Lavar as mans.

CHAQUETAS-MANDILÓN

Ensinarlle a poñer e quitar a chaqueta de forma autónoma. O método da escola é:

- Poñer a chaqueta encima dunha superficie coa abertura cara arriba e co cuello mirando ao neno/a.
- Meter os brazos polas mangas o máis fondo que podan sen levantar a chaqueta.
- Levantar os brazos por encima da cabeza.

EN CASO DE ESCAPE

PIS: Acudir ao centro cunha muda para cambiálo. (espazo habilitado).

DEPOSICIÓN: levar a casa.

ANIVERSARIO



CÁNDO


Celebraranse o propio día ou se cae fin de semana o seguinte día que temos colexio.

CÓMO

- Cantaremos a canción.
- Poñeremos unha coroa o cumpreño/a.
- Entregaremos un agasallo de todos os compañeiros/as. (Debuxo)

**NON MANDAR AGASALLOS,
TORTAS, LARPEIRADAS NIN
INVITACIÓNS.**

ENFERMOS/AS



CÁNDO QUEDAR NA CASA

No caso de ter:

- Febre (37,5)
- Diarrea
- Vómitos
- Infeccións
- Problemas respiratorios
- Tos moi forte.
- Estar en contacto con positivo covid.

XUSTIFICAR AS FALTAS

Sempre tedes que xustificar as faltas do neno/a. A forma de facelo é:

- Papel xustificante de faltas.
- Espazo abalar móbil.
- Chamando ao centro.
- Falando coa titora.

SÍNTOMAS COVID

- Febre
- Tos
- Falta de respiración.
- Diarrea
- Pérdida de gusto e olfato

QUE FACER

- Chamar centro de saúde.
- En caso de dar positivo ou ter sospeitas claras avisar ao centro.

ENTRADAS E SAÍDAS



INDICACIÓNS

- Un acompañante por neno/a.
- Ser puntuais. (En caso contrario esperar a que entren todos os cursos).
- Ser rápidos e non facer aglomeracións na porta do centro.
- Contactar coa mestra de forma excepcional.

CONTACTO



A partir do mes de Outubro os contactos nas entradas e saídas serán en casos excepcionais. Por iso os novos métodos de contacto serán os seguintes:

HORA DE TITORIA

LUNS de 16-17 horas.

- Con cita previa.
- Preferentemente teléfono.
- Presencial de forma excepcional

TELÉFONO DO CENTRO

982-82-81-33

CONTACTO HABITUAL

ABALAR MÓBIL

- Descargar aplicación no móbil.
- Introducir número de telefono e seguir os pasos
- Explicación de uso na páxina web do centro.

USO DE ABALAR MÓBIL

- Acceder datos persoais
- Consultar notas
- Comprobar e xustificar as faltas.
- Consultar avisos e notificacións (individuais ou xenéricas).
- Entre outras.

DINÁMICA DA AULA



De forma flexible as rutinas que teremos na aula en cada xornada serán as seguintes:

1. **ASAMBLEA:** teremos un encargado/a (calendario, o tempo, conto, pasar lista, coloquio...)
2. **FICHA:** traballaremos co libro.
3. **XOGOS DE APRENDIZAXE:** lectoescritura, lóxico-matemáticas, motricidade...
4. **MERENDA:** hábitos de alimentación e hixiene.
5. **RECREO**
6. **RELAXACIÓN:** masaxe, música clásica...
7. **RECUNCHOS:** 5 recunchos con actividades libres e dirixidas.
8. **RECOLLIDA DA AULA:** organización e limpeza do espazo.
9. **ASAMBLEA FINAL:** traballarase as emocións e faremos conclusións da xornada.

RECUNCHOS DA AULA

- **RECUNCHO DA BIBLIOTECA:** contos, lectoescritura, o nome, nº...
- **RECUNCHO DA CASIÑA:** xogos de rol (casa, supermercado, peluquería...)
- **RECUNCHO DE CONSTRUCCIÓN, COCHES E ANIMAIS.**
- **RECUNCHO DE ARTE:** plastilina, pintar, collage, recortar...
- **RECUNCHO DE XOGOS DE MESA:** puzzles, ensartables, cosidos...

ESPECIALIDADES

- **APOIO E PSICOMOTRICIDADE...**BEATRIZ
- **INGLÉS**.....LOLY
- **RELIXIÓN**.....BEGOÑA
- **MÚSICA**.....LORENA

CONCLUSIÓN



Espero que esta información vos sirva de utilidade para coñecer un pouquiño máis o que os vosos fillos/as están a experimentar.

GRACIAS pola vosa colaboración e comencemos a regar, cos nosos coñecementos, a estas flores do xardín, que son os nosos nenos/as, que dan osíxeno e son o motor da vida.

Un cordial saúdo: Sandra.